# FALADOIRO

ANO-I NÚMERO-0




ANTROIDO DO 1990

EDITAN OS ALUMNOS DO

C. P. TORRE - BUEU

# SAUDO

Hola amigos: este é o noso primeiro periódico e desexamoslles que pasen un bo rato enterrandose das novas que ocorren na nosa escola.

Como este e o primeiro que facemos procuraremos que saia o mellor posible. Ainda que este non saia ben procuraremos ir mellorando pouco a pouco as seguintes edicións.




O NOSO PERIODICO

Queremóslles dicir que foi feito pola cola_boración de tódolos alumnos desta escola, publicando os nosos mellores traballos que fixemos .

Tamén intentarémolo facer o mais variado posible para que o poida ler tódolos da casa, desde os máis novos ata os máis vellos.
En cada número haberá unha entrevista. Entrevistaremos as persoas que influen nos intereses da escola;

Por exemplo:

Neste número entrevistaremos ó Alcalde de Bueu.

Bueno, xa nos despedimos e desexámoslle que sexa do seu agrado.



# ENTREVISTA

Neste número entrevistamos ó Sr. Alcalde do Concello de Bueu:

D. Manuel Freire Lino

P.: Vostede, de pequeno, ¿algunha vez pensou que chegaría a ser Alcalde? e ¿qué quería ser?

A.: Nunca o pensei. Fun o que quixen ser, mariño; logo, sen perder o contacto co mar, fun profesor de ensinanzas náuticas. A política foi un accidente.

P.: ¿Qué lle fixo pensar que tiña que ser alcalde?

A.: Ante o cambio político xurdiron novas inquedanzas. Xuntaronse persoas coas mismas ideas, e dun grupo desas persoas saiu a miña candidatura.

P.: ¿En qué consiste ser alcalde?

A.: E un pouco de todo. Hai que coñecer un pouco a administración, ter uns coñecementos o máis amplios posibles, e unha certa capacidade de xestión e dialogo. Decatarse tamén de que eres o alcalde de todos, e non duns poucos. Pero o principal é ter capacidade e gañas de traballar.



P.: ¿ Son certos os rumores qué din que vai marchar para Pontevedra?

A.: Eu non vou para ningún lado. Estou en Bueu de Alcalde, e ademáis son deputado provincial. Estando metido en política non sabes onde vas chegar, pero eu penso rematar esta lexislatura como alcalde de Bueu.

P.: ¿Qué pensa das festas do Antroido?

A.: Son unha manifestación de alegría, un xeito de divertirse e de olvidar os problemas.

P.: ¿Qué opina das críticas que se fan nas coplas?

A.: Hai que ter cuidado de non pasarse, e de non ridiculizar as persoas. Pero as críticas son sempre boas, sobre todo as

# ENTREVISTA

críticas intelixentes. Os homes públicos teñen que estar sometidos a crítica.

P.: ¿Cómo axuda o Axuntamento ó Antroido?

A.: Non hai ningún programa establecido. Nos seguimos o sistema de axudar ós grupos en función da súa participación na calle. O Antroido deben levantalo os grupos particulares, e o Axuntamento actuar premiando o labor deses particulares. O Axuntamento non debe de organizar o Antroido pois correríase o risco de politizalo en algún sentido determinado.




P.: ¿Qué lle parece a colaboración do pobo de Cela co Axuntamento?

A.: Eu non fago distincións dentro do municipio. Bueu, Beluso, Cela son iguais para min. Tal vez o pobo de Cela depositase mais confianza en min e son eu quen non corresponde a esa confianza, pero o municipio hai que miralo coma un conxunto.

P.- ¿Hai un fondo na Asuntamento para comprar libros para o colexio?

R.- Aqui temos un lote de libros para mandarvos tan pronto como se instalen as estanterias da biblioteca. Non son moitos pero é o que hai.

P.-¿Cando van a traer as porterias para o campo de colexio?

R.- Van vir unhas para a banda do rio e enton tal vez haxa algunhas para mandalas o colexio.

PERIODISTAS

Ana Nogueira
María José Otero Patiño
Manuel Javier Patiño
Pablo Verde
José Alfonso Méndez

# LA PIÑA MARUJA

PREESCOLAR. 5 AÑOS.

1



SoY la piña Maruja
que llegó
a la escuela
de Cela

2



Los niños
me echaron semillas
pero algunas
me cayeron por fuera

3



Los niños
me regaron
mis semillas
todos los dias

4

Despues
de muchos dias
me nacieron
muchas plantas



# Trabalenguas



Erre con erre guitarra
Erre con erre barril,
¡qué rápido ruedan
las ruedas del ferrocarril!

Si Pancha plancha
con cuatro planchas
¿con cuántas planchas
plancha Pancha?



Poquito a poquito
Copete empaqueta
poquitas copitas
en este paquete.



Alumnos de 1er curso

# Ditos e Adiviñas

Ai ven o Entroido
e festa Rachada
os nenos na escola
teremos foliada.

Vaise xaneiro xeado
vaise febreiro outra
vez,
virán marzo, abril
e maio cheos de
flores os tres.



Chamanme rei e
non teño reino
din que ando e
non me movo
¿Que cousa cousiña e?

Duas torres altas
dous miradores
un espantamoscas
e catro andadores.





ALUMNOS DE 2º



3º

FATIMA CRUZ



# El Carnaval en el colegio — 4º



El viernes, 23 de Febrero, era un dia muy esperado para todos.
Por la maña-na estábamos nerviosos.
¡Por fin llegó la tarde!
¡Cuántos disfraces!: chinos, moras, duendes, bailarinas....
En el patio: bailamos, tiramos serpentinas, papeluchos, etc ...
Más tarde llegarón unos payasos muy graciosos y divertidos (Los profesores)
Cuando terminó nos marchamos, a casa.
Habia sido una tarde divertida y feliz.

Andrea

























4º







## DIBUJANTES

"Efectivamente, dos excelentes dibujantes MARTIN y MANOLITO nos muestran sus facultades en unos dibujos muy rápidos, hechos con rotulador."




**COSAS de 5º A**






Os rapaces de 5º B coa axuda dalgunha persoa maior, recollimos as seguintes cantigas do antroido:

Antroido é no Febreiro,
este é o mes dos disfraces,
o mes que nos divertimos
a gusto tódolos rapaces.

Un cesto na man e un trabuco
salimos nos en cuadrilla
votamos dende a noite
ata que vai saír o dia.

Petamos en todalas portas
para que nos veñan abrir,
imos vestidos con trapos
a xente non fai mais ca rir.

A nos dannos caramelos
e tamen nos dan galletas
e os que son mais campechanos
soltannos unhas pesetas.

Nos bailamos e cantamos
e falamos de mudado
non queremos que nos conozcan
a xente que esta polo lado.

Dannos viño e dannos caña
ata nos emborrachar
queren que fagamos chiste
e coa risa non parar.

Xa o ir chegando a noite
non nos queren mais abrir,
contamos o que xuntamos
para entre todos nos repartir.

—. —. —. —. —. —.

Mata o porco Pepa
non seas asi
Domingo de Antroido
xa che ven ahi.

—. —. —. —. —. —.

O antroido anda moi lixeiro
e o pasar chamanlle o verdeiro

—. —. —. —. —. —

Este noso antroido
e moi garrulleiro
o que xunta coas patas
desfaino co piteiro!





El carnaval en nuestro colegio
Todos trabajamos en clase haciendo cosas para el carnaval
Cela
Los niños pequeños hicieron un mural muy bonito Se colocó en la entrada del colegio
Mi madre en casa hizo orejas y filloas, que son platos típicos del carnaval
Yo en mi casa preparaba mi disfraz para la fiesta del colegio.
Y llegó el día y todos los niños venimos disfrazados al colegio de Cela
COLEGIO
A las 3 todos salimos al patio para divertirnos
Mas tarde los profesores salieron tambien disfrazados Ya no sabia quien era quien.
A las 5 nos fuimos y las vacaciones nos esperaban
Ricarda Verdel

# ORIXE e SIGNIFICADO do ANTROIDO

Usamos e damos todo o seu valor a palabra antroido por figurar así no DRAG e por ser unha das moitas usadas en en Galicia, se ben pode ter acaso un, maior radio de forma entroido. Variantes de menos extensión son intreido, entrudo, entruido e entroido, (entre outras). En tódolos casos corresponden á palabra castelán antruejo, e procede de las palabra latina introitus (entrada, por entrar a continuación a Coresma).



Máscara de cigarrén

O antroido é a época das grandes e rituais comidas de carne de cerdo, que concluían o martes de antroido, gardando abstención ata o domingo de pascua.

O antroido marca a orixe da primavera e a entrada na Coresma, na que o home volverá a recollerse.

Antigamente o carnaval celebrábase maneira parecida a actual, e faciase para alonxar os malos espiritos. A licencia sexual do antroido derivaba tal ez de antigos ritos de fecundidad la terra.



Máscara de Pantalla

Os elementos de antroido remontan, pois, a crenzas moi antigas, que deron nacemento a determiñadas ceremonias de época histórica, tales como as festas de Dionisio en Grecia, e as lupercales e saturnales en Roma, que se celebraban na mesma época do ano có antroido.



CARNAVAL DE BARCELONA EN 1860

Coa chegada do cristianismo foise perdendo a significación simbólica e máxica do antroido.



CELEBRACIÓN DO CARNAVAL A BORDO DUN BARCO



Carnaval en una calle.

Este trabajo ha sido realizado por:

Daniel García Rodríguez
Gustavo Gallego Parada
Adolfo González Ogando
Carlos García Gestido

6º A

# O ENTROIDO NA NOSA BISBARRA

Neste tema noso, vamos tratar de exporlles o que se fai, e algo do que se fixo, nesta nosa vila (Bueu), e para empezar nada mellor que preguntarlle os vellos:

-¡Que hai señora!, que pensa vostede sobre a nosa tradición do Entroido.

-As antigas tradicións do Entroido que antes había en Bueu hai anos que non se celebran...

-Inda se ven algúns que outros bascalleiros... pero aquí xa case que acabou todo.

O máis importante da nosa tradición son os bascalleiros.



Ir de bascalleiros consiste en ir coa cara tapada cunha máscara, e vestirse con farrapos vellos. E esencial ir sin que te coñeceran e cun pau na man.

Os bascalleiros van de casa en casa pedindo cartiños chulas, filloas..., o martes e mercores de carnaval.

Se se atopan dous grupos de bascalleiros, mállanse a paus, e o chegar a noite reparten as ganancias.

A máxima atracción das nosas festas do Entroido son os bailes de disfraces, patrocinados polas salas de festas, donde é esencial ir disfrazado.

A entrada e un pouco máis cara que de costume, pero a diversión está asegurada.

Tamén hai bailes de disfraces para nenos, coa entrada gratuita. Durante eles repartense globos, matasogras, caramelos, e sobre todo hai moita música.

Tamén teñen moita importancia as comparsas:

"AS PIRILLEIRAS",que xa leban 25 anos ó pe do cañón, "OS MULOS" e "OS DOS CONTIÑOS".

Cando foi da guerra Civil,non se celebrou ningún acto carnavalesco e se algo se facía,podían castigalos moi duramemte, e as veces ata os podían fusilar.Estaban prohibidos os cantares das comparsas que ofendían ó "generalísimo", e ós seus partidarios.

En "CELA" tamén tiñamos a nosa propia comparsa.Eles eran "OS LABREGOS", que hoxe xa non existen.
E agora despois de bastantes anos,o entroido volve as nosas ruas, volvendo con él os bascalleiros, o enterro do"paxaro de mal agüero",patrocinado por ACIBU,no que as viuvas e o resto dos bascalleiros saen en desfile por tódalas ruas de Bueu,detras da caixa.

Acabado o percorrer das ruas,lévase ó relleno da praia onde se queima.

E como ben se debe dicir "IMOS TODOS AS CHULAS".

Fdo.



Rafael Leal Pousada.
José Pereira Otero.
Pablo Verde Loveira.
J. Manuel Malvido Fariña.
Carlos Freire Pastoriza.

"O paxaro malagoeiro"

Celébrase en Bueu.

Isto é parecido o enterro da sardiña.

Consiste en facer un corvo con palla por dentro, pintado de cor negro.

Ese día fanlle un velatorio, donde vai a xente vestida de negro chamadas "as choronas". Logo así polas cinco da tarde emprenden camiño por tódalas calles de Bueu. Detrás do corvo van as comparsas e tamén as choronas lagrimeando e mais as xentes vestidas con variados disfraces.

Logo chega a hora de despedirse, lévano o porto de Bueu, alí plántanlle lume. O corvo empeza a arder e as súas cinzas bótannas ó mar. Despois de tiralas tócanlle as comparsas, unhas cancións e tamén cántanlle...



# MÁSCARAS e DISFRACES

En Galicia hei varias varidades de macaras as mais importantes son:

Os Cigarróns son da Laza (Ourense) pensase que son as mascaras mais antigas. Como xa se pode ver no debuxo, van vestidos con calzóns de seda recubertos dun curioso trenzado, medias e camisa brancas, garabata, faja de seda, cun groso cinturon con cinco ou seis cancerros moi grandes, unha corouta de madeira e na cabeza un gorro ou morrión con debuxos frontais dunha lua e o sol ou figuras de animais ( a cabeza ... dun tigre, gato...), por detras unha pel de animal coa cola hacia abaixo. Piden sen falar, facendo ruido cos cancerros.

Non se lles pode tocar pero podesellas insultar de mala maneira.

Leban na man un pau co el podenlle pegar a xente ese pau e de vexiga.

Conocense tamen polos nomes:

felos, Peliqueiros, e alguns outros mais.




Os Escabicheiros, son de Vigo teñen as pezas da sua indumentaria un chaleco, na cabeza leban un gorro de pano branco adornado con cinta de cores ( vermelha ou verde ) , e uns recortes de panos que que representaba a cabeza e a cola dunha galiña ou pita ou un galo.

As pantasmas, de xinzo son moi famosas.

Bisten de branco e o refaixo vermello sobre o que leban cancerros pequeniños, cintas, as de tuna.

Unha corouta de madeira e duas vinchas de porco nas suas mans.

Como simbolo, con elas ban dando golpes(as veces bastante fortes ) as persoas ata que as xentes para que non lles pegen mais dalles algún cartos e se vaian e as deixen em paz.

Asi as pantasmas vanse a pegar a outro lugar para que a xente lles dea mais cartos.

En Gotobade ai algúns disfraces de :

Vellos como podese ver no debuxo e un desfraz facis de facer e moi bonito

vella: unha pañoleta na cabeza de un cor oscuro ou claro, un sersei ou chaqueta de calquera cor a poder ser que non sesa vermella, unha saia de un cor oscura e uns zapatos ou zapatillas negras, tamen se queres pode poñerse un chal ou toquilla. Para que o disfraz sesa mais real podese aumentar a roupa para parecer mais gorda.

vello: o seu disfraz e tamen moi facil. Un baston ou muleta, unha barba branca e grande , un xersei oscuro ou chaqueta, un pantalón os uro, uns zapatos negros e moi grandes, na cabeza podese poñer unha boina ou non iso e cousa doo e se disfraza, e tamen para que o debueira podelle aumentar a chepa a barriga para que este mais dibertido e sesa mais real.



Outros disfraces tipicos de Cotobade son: medicos, fotografos...

As mascaras mais serias son as parellas de mandamitos que entegraban os mallores baisadores da parroquia o seu traxe era negro, as veces prestado de algúnha boda.

A madamita acompaña o madamito sempre de ganchete.

De Vaina ga de Bolo son as boteiro son sorprendentes, o lebares un tocado floral e unhas caretas de madeira antiga autenticas pezas do museo e de arte que chegan a ser esptesionistas.

As xerais de Ulla son moi conocidas por moitos lugares visten de trase. Van a cabalo e con gorros de tipo napoleonico gafas e un sabre na man.

Outras festas que se celebran son:
en Marin " o enterro da sardiña " .
en Pontevedra " Oloro Rabachol "
en Bueu " oenterro do paxaro do mal agoiro"



M.ª Isabel

Teresa C.F

Ana Cruz M

Paula del Río

8º

# A GASTRONOMIA TÍPICA DO ANTROIDO

Nestas páxinas vamoslles falar da gastronomia típica de Galicia no antroido como veredes hai moitos pratos típicos.

Os pratos desta época están presididas polo producto que mellor está no momento que e o porco aproveitado para todo: A cachucha, o rabo randullo, rincha, pouceta, lacón chourizo e morzillas.

Bebidas do antroido

viño blanco e tinto de Ribeiro licor de café ou viño do Condado e queimada.

Postres

Rugolas, aurellas freisas torradas borrachas.



Comese cacheira que deve ter as ourellas polo menos ten que ter unha a peza chamada Faceira; e a orella deve participar todo os homes da casa do que se orixina e o dito de rillar a ourella outras pezas tradicionais e ritualistas e o rabo. Como se mira, participan as duas pezas do comenzo e fin do animal. Polo rabo se halleda a (xeta) xente

Non podia faltar, e ainda conserbase a costume, duns dos pratos carateristicos: A bincha que require preparacion especial e moitas atencions no mamento de cacela. E a vesiga do porco que devidamente inflada, curase calgandoa no taucineiro co fume e o calor atemperado da cociña. A vincho preparase con leite, pan, ovos, manteiga e a caso algunha outra añidecura para atender aos gustos especiais das persoas. O cocelo na pata amplia hai que ter moito coidado para que non se rompa. Precisase cocer un aneco de taucino para acompañar o prato quizais mais primitivo do antroido, os petates que non son mais que bolas de fariña de millo con algo de centeo moi ben amasado e preparase en anecos en forma de ovo ~~ou~~ que se cocen. O miras que estan cocidos sacanse do lume e acompañanse con taucino ou con torrezmos.



Noutros tempos faciase o bolo do antroido cocido en moitos lugares co nome de bica. E pan de mesa sin fermentar. Preparase con fariña de millo con algo de centeo e cocese nunha pedra especial denominada a peda do bolo. Pertence por enteiro o tipo ritual e comese o domingo e o martes. As galos daban este consello.

Cacaraca,
ponte na pá,
fai un bolo,
comeo todo
deixa un bocado
pra martes de antroido

As xentes comias estas causa de porco en abundancia porque despois do antroido ven a cuaresma, e non se pode comer carne, enton as xentes querense fartar antes.

Algunhas recētas

Como se fan as filloas

Ingredientes:

ovos azucre leite fariña limon anis e canela.

Fanse

batense os ovos batanselle leite, azucre, limon canela anis e fariña revalvese todo fritense con aceite ou manteiga de porco. E tenen que ser mai delgadas




Cono se fan as chulas

ingredientes:

ovos, azucre, leite, limon, anis, canela; pan e fariña

Fanse

batense os ovos batanselle a leite azucres limon camela anis pan mallado en leite e fariña revalvese tudo fritense con aceite ou manteiga de porco




Isto foi o que atopamos do antroido, espero que lles gustara

fisemolo entre:

Mª Del Rosario, Gonzalo, Fernando, Eva de 6º A

# AS NOSAS COPLAS

Imos ir ó carnaval
e imos cantar
imos bailar ronda
e pasalo bomba.

Neste colexio
que listos son:
cambian os cristais
dos profesores
e os nosos non.

Os profesores de Torre-Cela
mandaron traer porterias
pero o noso señor Alcalde
dixo que non as había.

Dende a horta de enfrente
temos concerto tódolos días
oimos, en vivo e en directo,
a Molina que nos canta melodías.

Cando chove, cando venta,
inúndase o pavillón,
imos ter que facer ximnasia
con balsa e con flotador.
Non temos potro,
non temos nada,
temos que facer ximnasia
con paus e rodas
que non sirven para nada.

Os profesores de Cela
quitáronnos medio patio
para que nos non raiemos
os seus deportivos baratos.

O patio da nosa escola
é máis pequeno cunha escoba sola.
E así é, que non temos canchas,
nin laboratorio, nin siquera unha biblioteca,
para unha pequena que temos, parece unha discoteca.